

CURSO 2017-18 ADMISIÓN DE ALUMNOS

(ORDE do 12 de marzo do 2013 e ORDE do 25 de xaneiro do 2017)

| Actuación | Data | Documentos /Observacións |
|--|----------------------------|---|
| Computo de prazos (Art.18) | | Cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediatamente seguinte. |
| Información ao alumnado e as familias (Art. 13) | Durante o proceso admisión | Exporanse no taboleiro de anuncios e nos sistemas de información pública de que dispoña o centro os documentos contemplados no artigo 13.2. |
| Sorteo público de catro letras a efectos de desempate (Art.29) | 23 de febreiro | O sorteo realizarase na Consellería. Aos efectos de desempate, se o alumno/a carece de segundo apelido, o lugar deste será ocupado polo nome. |
| Remitir á xefatura Territorial | Antes do 01 de marzo | Relación de número de postos vacantes existentes nese centro, especificando cursos e niveis. |
| Publicación de vacantes | Antes do 01 de marzo | <i>Para escolarizar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, reservaranse tres postos por unidade: en 4º EI/ en 1º EP/ en 1º ESO (Artigo 3.2).</i> |
| Solicitudes de admisión de alumnos (Artigo 14). As solicitudes fóra de prazo perderán o dereito de prioridade respecto ás entregadas en prazo (Art. 34. 1.a) | Do 01 ao 20 de marzo | Solicitud segundo Anexo II da Orde (Art. 14.1) -Devolver copia selada con rexistro de entrada que acredite a petición. -A solicitude terá que estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. - No caso de separación ou divorcio será necesario a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo ou violencia de xénero. De constatarse no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura deberá requirirse que subsane a deficiencia ou xustifique o motivo da omisión. De existir discrepancia formulada expresamente por escrito polo proxenitor non asinante, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente. Excepto casos de violencia de xénero (debe presentarse sentenza nese senso). |

DE HABER MÁIS SOLICITUDES QUE PRAZAS VACANTES

De haber máis solicitudes que prazas o centro abrirá un prazo de dez días hábiles, contados a partir dos dous días seguintes ao remate do prazo de solicitude para achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo. (Art. 17.1).

| | | |
|--|--------------------------------|---|
| Prazo para achegar a documentación dos criterios do baremo (art. 17.1) | Do 23 de Marzo ao 05 de abril) | Presentación da documentación xustificativa do criterio de baremo, pero <u>só é necesario presentar aquela relativa aos criterios de domicilio fiscal, renda per cápita, condición de familia numerosa e discapacidade cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática (reforma Orde do 25 de xaneiro do 2017)</u> A falta de documentación en tempo para acreditar o criterio ou criterios impedirá valoralos. (art.17.4) |
|--|--------------------------------|---|

| | | |
|---|----------------------|---|
| Convocatoria de Consello Escolar e publicación listaxe provisional de admitidos e non admitidos (art. 30.1) | Antes do 25 de abril | Publicación no taboleiro e web de relación nominal de admitidos e non admitidos con puntuación total (nunca puntuación desagregada para salvaguardar dereito á intimidade). A persoa interesada en consultar puntuación desagregada deberá facelo na secretaría do centro. Cómpre indicar na listaxe que o prazo de reclamación será de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación e ante a Dirección do centro. |
| Listaxe definitiva (art. 31) | Antes do 15 de maio | Listaxe definitiva de admitidos e non admitidos ordenadas con puntuación total. Hai que indicar forma de impugnación, órgano e prazo da mesma. Esta listaxe estará exposta ata o inicio do novo curso escolar. Recurso de alzada ante a Xefatura territorial e prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación. |

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

| | | |
|--|-----------------------------|---|
| Formalización de Matrícula (art.40) | de Do 20-30 de Xuño. | Se finalizado o prazo non se tivese formalizada a matrícula decaerá o dereito a praza obtida. |
|--|-----------------------------|---|